

NA LOITA POLA BIODIVERSIDADE, DESDE O ÁMBITO ADMINISTRATIVO LOCAL

Rafa Sisto e María López*

En marzo de 2017 o Pleno do concello de Teo aprobaba unha moción presentada por SONdeTEO-Anova e o PSdG-PSOE pola que se acordaba solicitar á administración competente a inclusión das especies da familia *eucalyptus* no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras. Iníciase así un longo proceso administrativo, primeiro, e logo xudicial, que remata coa sentenza do pasado 30 de outubro do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid desestimando o recurso do concello. Neste artigo relátase este proceso, sitúase no contexto que o provoca e analízase a escasa marxe da administración local para defender a biodiversidade. Un empeño do que é mostra a iniciativa HabitaTEO e que tamén presentamos.

masa cedida polo Concello de Teo

Plantación de eucalipto na zona de Luci, Teo.

UNHA SITUACIÓN INSOSTIBLE

A degradación do medio natural de Galicia, a perda da diversidade forestal, a destrución da paisaxe, a diminución da potencialidade económica do monte e a cíclica vaga de incendios á que destinamos uns 173 millóns de euros cada ano, son en boa medida froito da incapacidade política (das administracións públicas e das organizacións partidarias que as rexen) para frear un problema declarado formalmente pero pouco combatido. É máis, a experiencia das últimas décadas evidencia unha clara convivencia entre o empresariado da madeira-lixo e a clase política dirixente que, pese ás evidencias científicas da desfeita, permite a progresiva plantación e expansión dunha especie que acurruncha ás autóctonas e modifica a realidade física do país.

O Plan forestal de Galicia de 1992 permítenos analizar unha realidade que mudou de forma drástica nos últimos anos. Así, en 1986, o 40% das masas arbóreas galegas eran monoespecíficas de piñeiro, con claro predominio do *P. pinaster* e de menor presenza do *P. radiata* e *P. sylvestris*; as mesturas de caducifolias, e de caducifolias e coníferas, tiñan unha extensión aproximadamente igual ás anteriores, e nelas o *Q. robur* era a especie dominante. As masas de eucalipto, xa puras xa en mesturas con coníferas, constituían a quinta parte restante.

Das 335.950 Ha de superficie forestal na provincia de A Coruña, 22.763 Ha eran de monocultivo de eucalipto, 112.759 de mestura de eucalipto con piñeiro, e 3.613 de mestura con outras frondosas; é dicir un máximo de 139.135 Ha nas que, dalgún xeito, tiña presenza o eucalipto (o 41,5%). Dito doutro xeito, case o 60% da superficie forestal da provincia estaba libre desta especie. As cortas de eucalipto en 1989 non superaban o 25% do total.

En consonancia cos propósitos do plan para conseguir unha industria forestal produtiva, definíase este obxectivo concreto:

Establecer un monte que teña a capacidade de incrementar substancialmente a produción actual de madeira nos espazos forestais para que a

súa función preferente sexa a produtiva. En concreto preténdese chegar a acadar as seguintes producións anuais:

- 2.000.000 m³ de madeira de frondosas caducifolias.
- 7.000.000 m³ de madeira de coníferas.
- 5.000.000 m³ de madeira de eucalipto.

Só a produción do eucalipto acadou o obxectivo, mentres as outras especies decrecían ou, no mellor dos casos, mantiñáanse. A corta de eucalipto, que no ano 1996 non chegaba aos 2.500.000 m³, pasou a superar os 5.000.000 de m³ no ano 2017, mentres que as frondosas mantiñáanse como no ano 1996 en menos de 250.000m³ e as coníferas tamén nos niveis de 1996, en algo máis de 3 millóns de m³. A consecuencia evidente foi un cambio radical da paisaxe forestal e da diversidade biolóxica no monte galego.

Por outra banda os incendios forestais das últimas décadas, nos que o eucalipto ten cando menos un protagonismo importante, están a condicionar as políticas de revalorización do monte. Segundo o Consello de Contas, dos 820 millóns de euros programados para o período 2008-2012, o 66,4% foron a parar á prevención e extinción de incendios, mentres que só un 33,5% se utilizaron para políticas de desenvolvemento forestal. O plan forestal de 1992, incumplido dende o seu nacemento, prevía que só o 13,2% do investimento se destinase á prevención de incendios.

Desde os concellos, observamos cada día este proceso que cambia a paisaxe e a forma de vida na nosa contorna e sentímonos na obriga de buscar mecanismos que eviten a degradación. Diante desta situación, sen competencias para ordenar a regulación ambiental do propio territorio, os concellos non poden, non deben quedar impasibles.

REIVINDICANDO A BIODIVERSIDADE

Tomando en consideración esta situación de desfeita ambiental é como se chega ao pleno municipal no que se aproba a moción pola que se

Imaxe cedida polo Concello de Teo



Área da Tomada, Teo. Zona perimetrada na que se quitaron especies invasoras.

Imaxe cedida polo Concello de Teo



Carballeira da Tomada.

acorda solicitar á administración competente a inclusión das especies da familia *eucalyptus* no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras. Nace así unha historia de persistencia e de reivindicación que ten un nome propio, Conchi García, concelleira de Administración, Comercio, Transporte e Turismo no concello de Teo na pasada lexislatura 2015-2019.

O artigo 5 do Real decreto 630/2013, de 2 de agosto, incorpora a posibilidade de que calquera persoa ou organización poida solicitar da, por aquela, *Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental y Medio Natural* do extinto *Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente* (MAPAMA), o inicio do expediente de inclusión ou exclusión dunha especie no citado catálogo. Consecuentemente, o concello de Teo presentou a solicitude de inclusión do xénero *eucalyptus* sp. no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras.

Un primeiro requirimento do Ministerio reclámanos información técnica ou científica que apoie a solicitude, ao que se contesta co ditame do Comité científico, órgano asesor do propio Ministerio, elaborado no ano 2012 nun procedemento litixioso coa empresa Celulosas de Asturias S.A. e coa sentenza da sala Contencioso-administrativa de Audiencia Nacional (res. 300/2015) nese procedemento.

Novos requirimentos que semellan dilatorios, solicitan primeiro que aclaremos a cales das especies do xénero *eucalyptus* nos referimos e, despois, que se acredite o carácter invasor de todo o xénero. Por fin, o 17 de outubro de 2017 iniciábase formalmente o procedemento dando traslado ao Comité científico de toda a documentación.

O informe do Comité científico que coñeceremos meses máis tarde é contundente. Velaí o resumo do ditame:

Constatado cos datos científicos dispoñibles o carácter invasor das especies de Eucalyptus naturalizadas no noso país, conclúese que se debería incluír no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras regulado polo R.D. 630/2013, de 2 de agosto, baixo o criterio da IUCN (2000), a todas estas especies: Eucalyptus camaldulensis, E. globulus, E. gomphoccephala, E. gunnii, E. nitens e E. sideroxylon, así como calquera outra especie deste xénero cuxo destino sexa a explotación forestal, debido ao alto risco de invasión por estas especies consecuencia das súas características biolóxicas, fisiolóxicas e ecolóxicas. Recoméndase extremar a precaución con novas introducións e plantacións, e recoméndase un seguimento local e levar a cabo medidas de erradicación antes de que se produza a invasión sempre que se observe naturalización de calquera especie de Eucalyptus no noso territorio.

Paralelamente, a *Subdirección General de Medio Natural* solicitara informe da *Subdirección General de Política Forestal*, informe que elabora o catedrático D. Luís Gil Sánchez da ETS de Ingeniería de Montes, Forestal y del Medio Natural, que no período 2006-2011 dirixira un proxecto financiado pola Universidade Politécnica de Madrid para a mellora do eu-

calipto como instrumento para a redución da pobreza nas zonas rurais de Etiopía.

Os problemas derivados deste informe, co que se vai botar abaixo o contundente ditame do Comité científico (órgano colexiado e de composición determinada regulamentariamente pola Administración), veñen determinados porque, en vez de realizar unha valoración de carácter científico (biolóxico/ecolóxico/medioambiental), introduce e prioriza as cuestións de carácter mercantilista dende unha visión parcial da riqueza económica do monte, como pode verse nas conclusións:

As plantacións de eucalipto, incluíndo as realizadas nos últimos anos coa especie Eucalyptus nitens, xogan un papel fundamental no desenvolvemento rural da Cornixa cantábrica, estando sometidas a unha estrita regulación normativa para a súa plantación e uso, non podendo ser consideradas como especie invasora, ao non existir nin base nin consenso científico sobre o seu carácter invasor por non invadir espontaneamente áreas máis aló das que ocupan as súas plantacións.

O eucalipto representa o 18 % da superficie forestal de Galicia, pero achega o 60 % dos ingresos a máis de 80.000 propietarios forestais e a miles de traballadores rurais e por centos de empresas. Uns ingresos que redundan no cuidado do monte e na redución dos gastos de extinción ao dispor de masas xestionadas con estruturas máis resistentes ao lume.

Con esta posición, atribuíndo cando menos o mesmo valor a un informe de parte que ao ditame do Comité científico, o Ministerio pregunta á *Comisión estatal para el patrimonio Natural y la Biodiversidad*, órgano consultivo e de cooperación entre o Estado e as Comunidades autónomas. Noutra proba de "neutralidade", consideraba que a non contestación no prazo dun mes á mesma se interpretaba como resposta desfavorable á proposta de inclusión destas especies no Catálogo de especies invasoras. Contestaron Andalucía, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria e Catalunya, todas elas en contra (ben é certo que afectadas en distinta magnitude que Galicia) agás Canarias.

A resolución do 9 de febreiro de 2018 da *Dirección General de Calidad, Evaluación Ambiental y Medio Natural*, rexeitaba a solicitude e daba pé a un recurso de alzada diante da *Secretaría de Estado de Medio Ambiente*. E alá fomos, recompilando novos informes que apuntalaran os aspectos científicos (grazas a todas as persoas que colaboraron desinteresadamente, por certo) e razoamentos xurídicos que cuestionaban o procedemento. Obviamente o resultado foi o agardado e tivemos que decidir se valía a pena pelexar xudicialmente o que considerabamos unha decisión, cando menos, irregular no procedemento seguido.

A demanda presentada en decembro de 2018 diante da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid (a que correspondía diante da decisión ministerial) baseábase en tres consideracións fundamentais: unha primeira de carácter xeral, unha segunda

sobre o procedemento administrativo e unha terceira sobre a cualificación do *eucalyptus sp.* como especie exótica invasora fundamentada nos informes científicos.

Aínda sabendo das dificultades que entrañaba que a sala se pronunciase sobre o fondo do asunto e o fixera favorablemente á pretensión do concello, confiábase que se nos dese a razón xa que a Administración non se axustara ao procedemento establecido no RD 630/2013, pois a Dirección xeral do Ministerio non elaborara “a memoria técnica xustificativa que incluía a análise de riscos”, non convocara nin reunira á Comisión estatal para o estudo desa memoria inexistente, e non fora a devandita Comisión a que, á vista da memoria técnica, solicitase o ditame do comité científico previsto no artigo 7 do R.D. 139/2011. Sinalábase tamén a actitude hostil e obstaculizadora da administración central reflectida na nota manuscrita adxunta a un escrito do xefe do gabinete técnico do Ministerio: “contestar que manden información e que suspendemos -o máximo tempo posible- o procedemento”.

Mais as nosas intencións de lograr que, cando menos, se reiniciase o procedemento polos vicios formais, non foron asumidas. O pasado 30 de outubro a Sala do contencioso-administrativo da Sección sexta do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid ditaba a sentenza nº 505 no procedemento 836/2018 desestimando o recurso que o concello de Teo interpuxera contra a Resolución de la Secretaría General Técnica del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente de 5 de xuño de 2018 que desestimaba o recurso de alzada contra Resolución de 9 de febreiro de 2018 da Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental y Medio Natural.

CRÓNICA DA RESISTENCIA: HABITATEO

Seguimos coa mesma determinación que cando iniciamos a batalla administrativa, pero máis conscientes que o mellor xeito de mudar o futuro é traballalo no día a día. Existen xa múltiples exemplos de actuacións das administracións locais na defensa da biodiversidade, de gobernar espazos municipais con garantías ecolóxicas que ademais sirvan como exemplo de xestión á cidadanía, e así xorde tamén o programa HabitaTEO.

O HabitaTEO é un programa de xestión de espazos que fomenta a biodiversidade entendendo que isto, dende o punto de vista do uso público, supón cando menos cuestionármolos como empregamos os espazos, buscando en definitiva un beneficio ambiental a curto e, sobre todo, a longo prazo na nosa contorna.

A Tomada, unha carballeira dunha hectárea, localizada na parroquia de Calo, é o primeiro lugar escollido para comezar a intervención. Esta parcela pasa a mans públicas no ano 2020 logo dun proceso de compra, por parte do Concello, de diferentes propiedades eclesiásticas que a cidadanía viña reclamando para o seu goce. A carballeira debe o seu nome ao uso tradicional que se facía del; Tomada, lugar de toma ou recollida de leña.

É no momento en que pasa a xestión pública cando comeza a fraguarse o proxecto de HabitaTEO, do que xa existían diversas accións deseñadas pero ningunha coas características da Tomada.

Coa idea de ofrecer un lugar pioneiro no Concello, a medio camiño entre un “parque” ao uso e un espazo natural protexido, comezamos a deseñar a intervención para a Tomada cunha roza selectiva inicial, en setembro do 2020, para poder realizar unha valoración completa do lugar.

Así definimos tres grandes zonas: unha zona de carballos centenarios (tremendamente esmoucados no pasado, o que determina a morfoloxía actual), unha zona intermedia por onde atravesaba unha liña de media tensión completamente invadida por mimosas, e outra zona



Imaxe cedida polo Concello de Teo
Imaxe do plano de situación dos diferentes hábitats da finca da Tomada e de como quedarán os elementos que se van instalar.

lateral onde se adiviña unha carballeira moito máis nova, con menos intervención e por tanto, un sotobosque mellor conservado.

Unha vez claros estes tres hábitats definimos traballos específicos para cada un deles, maioritariamente baseados na eliminación de especies invasoras: mimosas (*Acacia dealbata*) que aproveitarían a invasión no momento en que a liña de electricidade fragmentou a carballeira orixinal, robinias (*Robinia pseudoacacia*), algún exemplar de carballo americano (*Quercus rubra*) e, finalmente, unha zona de entrada moi degradada pola súa proximidade á estrada por onde, probablemente dalgún recheo da limpeza de gabias, derivou unha invasión dunha herbácea moi tapizante, *Tradescantia fluminensis*.

Actualmente están finalizando os traballos de eliminación destas especies e rematando o acondicionamento para o uso público. Coa idea de que a prioridade neste espazo sexa para o resto de especies que non son o ser humano, deséñase un percorrido para visitar a carballeira, delimitado con estacas e cuberto cos restos triturados das pólas retiradas. Haberá unha zona de reunión ou asemblea chamada “A roda” e tres puntos de escoita de paxaros, identificados cunha pequena estrutura piramidal tamén construída cos restos vexetais retirados, onde poderemos escoitar algunha das dezaseis especies identificadas até o de agora.

Todo este proxecto de intervención está acompañado dun programa de divulgación e educación na conservación da natureza programado para a poboación e asociacións locais, ademais do próximo CEIP de Calo. De aí que estea contemplada a colocación de caixas niño para facer monitoreo e tratar de visibilizar o espazo así como crear vínculos, sobre todo na cativada.

A Tomada, xa está dito, é un bo punto de inicio para o HabitaTEO porque ninguén cuestiona a conservación dunha carballeira centenaria, e agardamos unha boa acollida por parte da poboación. Pero a idea é estender este concepto a outros espazos como prados onde medran orquídeas, pequenas pozas que serven de acubillo aos anfibios, parcelas de monte onde poder exemplificar unha boa xestión forestal ou mesmo parcelas de particulares que se impliquen na conservación da biodiversidade co compromiso de crear, por exemplo, valos vexetais con especies autóctonas.

As políticas de conservación son urxentes, por tanto esixe tomar accións tamén dende as administracións locais. Sabemos que son parches, sabémonos desamparadas dunha lexislación medioambiental que nos blinde fronte aos grandes problemas da conservación actuais, mais neste caso urxe facer un roto a este descosido. Así, aínda que o HabitaTEO nace con vontade minimalista e decrecentista, agardamos e loitaremos pola súa expansión.

* Rafa Sisto. Alcalde de Teo. Lcdo. en Química e doutor en Historia da Educación. Profesor de ensino secundario. María López. Concelleira de Desenvolvemento local, Comercio e Turismo en Teo. Lcda en Bioloxía e profesora de ensino secundario.